

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### Unha cebola vista moi de preto

Aquela mañá a profesora levou os alumnos ao laboratorio de ciencias para que utilizasen un microscopio. Os nenos e as nenas estaban impacientes por saber o que podería verse con el. Tras explicarlles como tiñan que poñer e enfocar a preparación, animounos a observar algúns obxectos para familiarizarse co seu funcionamento: a mina dun lapis, un pelo, un papeliño...

Daquela, a profesora colleu un anaquiño de cebola e quitoulle unha pouca pel. Púxoala sen máis sobre un portaobxectos, estendeuna con coidado cun pinceliño húmido e puxo a mostra no microscopio. Os alumnos miraron un a un e viron algo semellante a unha rede medio transparente. Que era aquilo?!



#### 1 Responde as seguintes preguntas:

a) Como se sentían os nenos antes de mirar polo microscopio?

\_\_\_\_\_

b) Que lles explicou a profesora antes de que o utilizasen?

\_\_\_\_\_

c) Que parte da planta é a cebola?

A raíz

O talo

O froito

#### 2 Que é esa rede medio transparente que, segundo o texto, viron os nenos? Sinala as dúas respostas correctas.

Unha rede de roturas no cristal do portaobxectos.

As células que forman o recubrimento da folla de cebola.

As pegadas dos dedos que tocaron o cristal do portaobxectos.

Células animais de diversos tipos.

Células vexetais de formas regulares, como polígonos.

Tecido muscular, formado por células musculares.

**3** Os alumnos teñen claro que puideron observar un dos niveis de organización dun ser vivo. Relaciona os diferentes niveis.

- |             |  |
|-------------|--|
| célula •    | • unión de órganos ou de sistemas coordinados        |
| tecido •    | • unión de tecidos que funcionan conxuntamente       |
| órgano •    | • posúe núcleo, citoplasma e orgánulos               |
| sistema •   | • ser vivo completo con diversos sistemas            |
| aparello •  | • unión de órganos que realizan a mesma función      |
| organismo • | • agrupación de células que realizan a mesma función |

**4** A profesora móstralles outra cebola, distinta da que utilizou para obter a mostra. É moi grande! Pregúntalles se o seu maior tamaño se debe a que as súas células son máis grandes ou a outra causa. Como responderías?

---



---

**5** Os alumnos xa puideron ver unha célula vexetal grazas ao microscopio. A profesora pregúntalles se verían o mesmo se traballasen cunha célula animal, por exemplo, cunha gota de sangue.

a) As seguintes respostas non son certas. Escribeas correctamente.

Na célula animal tamén verían a parede celular que recobre a membrana.

---



A célula animal veríana mellor porque adoitan ser máis grandes ca as vexetais.

---

Non poderían ver ningún orgánulo porque os animais non fan a fotosíntese.

---

b) Escribe en cada imaxe se corresponde a unha célula animal (A) ou vexetal (V).



# A clasificación dos seres vivos

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Completa a táboa escribindo as características de cada reino.

	Alimentación	Número de células	Desprazamento
Animais			A maioría desprázanse.
Plantas	Fabrican o seu propio alimento.		
Algas			
Fungos		Algúns son unicelulares e outros, pluricelulares.	
Bacterias			

**2** As seguintes afirmacións son falsas. Esríbeas correctamente.

- As bacterias máis grandes considéranse pluricelulares.

\_\_\_\_\_.

- Os fungos, igual ca as plantas, fabrican o seu propio alimento.

\_\_\_\_\_.

- As plantas terrestres non se desprazan, pero as acuáticas si.

\_\_\_\_\_.

**3** Determina se os seguintes animais son vertebrados ou invertebrados e escribe o nome do grupo de animais a que pertence cada un.

- Polbo. \_\_\_\_\_
- Gamba. \_\_\_\_\_
- Golfiño. \_\_\_\_\_
- Tartaruga. \_\_\_\_\_
- Ourizo de mar. \_\_\_\_\_
- Tiburón. \_\_\_\_\_

**4** Describe as principais características dos seguintes grupos de animais.

- Peixes: \_\_\_\_\_.
- Anfibios: \_\_\_\_\_.
- Equinodermos: \_\_\_\_\_.
- Artrópodos: \_\_\_\_\_.

**5** Escribe as diferenzas e semellanzas existentes entre anfibios e réptiles.

---

---

---

**6** Describe as características máis importantes dos animais invertebrados e nomea os grupos en que se clasifican.

---

---

---

**7** Describe as principais características dos musgos e escribe o nome do grupo de plantas a que pertencen.

---

---

---

**8** Nomea os elementos que empregan para reproducirse as plantas con flores e as plantas sen flores e describe eses elementos.

---

---

---

**9** Nomea e describe os órganos onde se encontran as esporas nos musgos e os fentos.

---

---

**10** Explica as diferenzas que existen entre anxiospermas e ximnospermas con respecto ás súas flores e aos órganos que conteñen as sementes.

---

---

---